

OS COTOS

AGOSTO
2024



Benvido e bo camiño
bispo e bo pastor da nosa diocese

ORDENACIÓN EPISCOPAL E TOMA DE POSESIÓN

D. Antonio
Valín Valdés,
bispo electo
de Tui-Vigo

20 de xullo
do 2024



«O amor de
Cristo úrxenos»




XIV FESTA DE OS COTOS

O XOVES 15 DE AGOSTO,

xuntarémonos todas as parroquias
nunha xornada de convivencia,

**NO MERENDEIRO DE SAN ANTONIO,
EN VERDUCIDO**

Ás 12'30 celebraremos a Eucaristía
e despois compartimos o xantar e as ganas de troula.



222 Folla
informativa para
a comunidade
 cristiá



O corvo, ao recibir tantas louvanzas da raposa, púxose a cantar. Non se deu conta do que ía facer, e por ser tan orgulloso caeulle o queixo e a astuta da raposa marchoulle con el.


Moralexia: Desconfía do que te louve, porque a louvanza sempre foi unha perdición.

Recompiladora: Estefanía Quiroga Somoza, Alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.

Informante: Lito Somoza (65 anos).

Lugar e data de recollida: Suñide, Samos (Lugo), maio de 2006.

Bota contas



**O SANTO PARA O MES,
en agosto, o día 6: PASTOR**

Nome de orixe latina que fai referencia a pastor, pegureiro, persoa que coida do rabaño. Evoca a Xesús Cristo como pastor das súas ovellas, como se cita no evanxeo.


A forma feminina é o nome dunha advocación mariana, que fai referencia á Nai do Divino Pastor “A Divina Pastora”.

Houbo un San Pastor que aos sete anos, co seu irmán Xusto de nove se presentou en Alcalá de Henares ao prefecto Daciano para confesar a súa fe cristiá. Este mandounos azoutar e matar o 6 de agosto do 304.

“A bágoas derramadas
son amargas,
pero aínda son máis amargas
as que non se derraman”

Proverbio irlandés

CONSELLO





17 de agosto día nacional das abellas



As abellas e outros polinizadores, como as bolboretas, os morcegos e os colibrís, están cada vez máis ameazados polos efectos da actividade humana.

A polinización é un proceso fundamental para a supervivencia dos ecosistemas, esencial para a produción e reprodución de moitos cultivos e plantas silvestres. Case o 90 por cento das plantas con flores dependen da

polinización para reproducirse.

A nivel mundial o día das abellas é o 20 de maio, pero a fin de que co apoio do congreso da Unión, sociedade, organizacións, institucións e goberno, se recoñeza e valore a importancia ambiental, social e económica, e se realicen esforzos e accións para conservar súa poboación e asegurar a permanencia dos seus servizos e produtos, ponse o 17 de agosto como día nacional.



*Sen abellas no planeta ao ser humano só lle quedarían catro anos de vida.
Nas nosas mans está o seu destino. E no seu destino está a nosa supervivencia.*

O Papa Francisco: Nomea a Antonio Valín novo bispo de Tui-Vigo



"Antonio Valín Valdés, ata agora vicario xeral de Mondoñedo-Ferrol substitúe a Luis Quinteiro Fiuza.

O papa Francisco nomeou a Antonio Valín, como novo bispo da diocese de Tui-Vigo. O nomeamento foi o sábado 25 de maio ás 12:00 horas.

A ordenación e toma de posesión da sede tivo lugar o pasado 20 de xullo ás 11:00 na catedral de Tui.

O bispo electo de Tui-Vigo naceu en Ribadeo (Lugo) o 24 de febreiro de 1968. En outubro de 1986 ingresou no Teologado diocesano en Santiago de Compostela, realizando os seus estudos no Instituto Teolóxico Compostelano de 1986 a 1992. Foi ordenado sacerdote na catedral de Mondoñedo o 14 de marzo de 1993.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE AGOSTO

DÍA 4	LECTURA	Ef 4, 17. 20-24	Sede imaxe de Deus na xustiza auténtica
	EVANXEO	Xn 6, 24-35	Eu son o pan da vida
DÍA 11	LECTURA	Ef 4, 30 - 5, 2	Camiñade amando a semellanza de Cristo
	EVANXEO	Xn 6, 41-51	O pan que eu darei é vida para o mundo
DÍA 18	LECTURA	Ef 5, 15-20	Tratade de comprender a vontade do Señor
	EVANXEO	Xn 6, 51-58	Quen come este pan vivirá para sempre
DÍA 25	LECTURA	Xos 24, 1-2.15-18	Escollede a quen queredes servir
	EVANXEO	Xn 6, 60-69	Señor, Ti tes palabras de vida